

**ANUNCIO NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO DE PARADELA E  
NA PÁXINA WEB [www.paradela.es](http://www.paradela.es)**

Por resolución da Alcaldía do día 14 de xuño de 2021, aprobáronse as bases e a convocatoria para cubrir os postos de 2 socorristas para este Concello de Paradela, en réxime laboral temporal, mediante o sistema de concurso, contratación ao abeiro da orde do 12 de abril de 2021, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 2 SOCORRISTAS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DA ORDE DO 12 DE ABRIL DE 2021 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE.

**PRIMEIRA. Normas xerais.**

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2021.

Ocupación	Nº postos	Servizo	Duración contratación
SOCORRISTA	2	SERVIZO DE PISCINAS MUNICIPAIS	2 meses



A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, tal e como esixe o artigo 14 da orde do 12 de abril de 2021 e polo sistema de concurso.

### **SEGUNDA. Modalidade do contrato**

A modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 15.1 da orde do 12 de abril de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detallase seguidamente:

Ocupación	Servizo	Xornada	Retribucións
SOCORRISTA	Ámbito: No termo municipal do Concello de Paradela.  <u>Detalle funcións:</u>  Os Socorristas das piscinas municipais do Concello de Paradela, desenvolveran funcións de control da seguridade dos bañistas nas piscinas municipais e impartirán cursos de natación.	Completa (100%)	1.232,39€ brutos/ mes.  Incluída a prorrata da paga extra.

### **TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes**

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:



**Requisitos xerais:**

a) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

b) Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Coñecemento da lingua galega: CELGA 2. Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas



da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente. Polo tanto, que non acredite o coñecemento do galego mediante a achega do CELGA, deberá superar unha proba que consistirá na tradución dun texto sobre o coñecemento do idioma galego, con cualificación de apto/non apto, con carácter eliminatorio.

f) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

Ocupación:	Requisitos específicos
Socorrista	-Título de Graduado Escolar ou similar  -Título de Socorrista ou equivalente  -Cumprimento do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, a orde do 14 de maio de 2012, Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, Decreto 63/2021, do 22 de abril, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo e outra normativa concordante.

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión da/os solicitantes o día sinalado pola oficina de emprego.

#### **CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.**

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14 da Orde do 12 de abril de 2021, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que a/os candidata/os deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta.



As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)).

A/os candidatos/as desempregado/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego, para a súa presentación no Concello de Paradela, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados en tódolos seus extremos, relacionándose no anexo II), obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I (modelo de declaración responsable).

#### **QUINTA. Admisión de aspirantes**

Despois da presentación de tódolos candidata/os incluídos na lista remitida pola Oficina pública de emprego, a Alcaldía ditará unha resolución, no prazo máximo de 1 mes, na que declare aprobada a lista de admitida/os e excluída/os. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)), indicarse un prazo de 1 día hábil para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de 1 día hábil, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web, na que se sinalará a composición do tribunal, e a data e hora na que se constituirá o tribunal.

No caso de non existir candidata/os excluída/os nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitida/os, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

#### **SEXTA. Tribunal cualificador**

O tribunal cualificador estará constituído por:

- Presidente/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.



- Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Por cada membro do tribunal designarase un suplente cos mesmos requisitos e condicións.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización do proceso de selección.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)).

### **SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso**

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos



será por orden decrecente atendendo a puntuación obtida. Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 14 da orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade, “*Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras*”.

**MÉRITOS** (A puntuación máxima da fase de concurso establece en 5,00 puntos)

**1. Formación:** Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 4,00 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados.

-Cursos de 10 horas a 40 horas: 0,25 puntos.

-Cursos de 41 horas a 75 horas: 0,50 puntos.

-Cursos de 76 horas a 100 horas: 0,75 puntos.

-Curso de máis de 100 horas: 1,00 puntos.

**2. Titulación:** Valorarase neste apartado as titulacións académicas relacionadas co posto de traballo, impartidas pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologadas, ata un máximo de 1,00 puntos. As titulacións que a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditadas ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuadas, computándose unicamente o título de maior nivel dos alegados. Non se puntuará a titulación requirida no proceso selectivo que se convoca.

-Titulación Universitaria: 1,00 puntos.

-Título de Ciclo Superior ou equivalente: 0,75 puntos.

-Título de Ciclo Medio ou equivalente: 0,50 puntos

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1) Puntuación pola orde dos méritos anteriores (Do 1 ao 2).



2) Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

#### **OITAVA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento**

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es); os aspirantes disporán dun prazo de 1 día hábil, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de postos convocados.

A/os aspirantes proposta/os achegarán á Administración, dentro do prazo máximo de 1 día hábil, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

A/os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratada/os, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude de participación.

#### **NOVENA. Incidencias**

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asimesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer,



alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)), ante o alcalde do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas ou un recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

**En Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.**

**O alcalde-presidente, Asdo: José Manuel Mato Díaz Documento asinado ao marxe  
electrónicamente**



## ANEXO I (MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_, e domicilio para efectos de notificación en \_\_\_\_\_, teléfono n<sup>o</sup>

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

### PRIMEIRO:

a) Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria:

- 1) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- 2) Ter cumpridos dezaoito anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- 3) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.
- 4) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e





## Concello de Paradela

nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- 5) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nestas bases-CELGA 2. No suposto de carecer desta acreditación, a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego segundo o establecido na cláusula segunda.
- 6) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

b) Que reúno os requisitos específicos desta convocatoria:

-Titulación:

-Título Socorrista:

**SEGUNDO.** Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rixen o proceso de selección de 2 Socorristas.

**TERCEIRO.** Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría 2 Socorristas.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

A/o solicitante,

Asdo.: \_\_\_\_\_

De conformidade co establecido na normativa de protección de datos persoais, informámoslle que os datos persoais que nos facilite, almacenaranse e tratarán coa finalidade de participar en procesos de selección e avaliación de persoal. A tales efectos, Vd. expresamente consente e autoriza á realización de cantas probas de carácter profesional, sociolóxico, psicolóxico e de aptitude sexan precisas para a determinación do seu perfil profesional. Estes datos, solicítanse en base ao seu consentimento, necesario para poder ostentar a condición de candidato. Devandito consentimento entenderase prestado en tanto non comunique por escrito a revogación do mesmo. Informámoslle que conservaremos os seus datos durante un prazo máximo de dous anos. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatarios da información é o CONCELLO DE PARADELA, onde poidan xurdir vacantes que se axusten ao seu perfil. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en C/ Cabaleiros de Santiago, 15. 27611. Paradela. LUGO ou a través do correo [dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org](mailto:dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org).





**ANEXO II (RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS)**

<b>FORMACIÓN</b>		
<b>Denominación</b>	<b>Centro Impartición</b>	<b>Horas</b>

<b>TÍTULACIÓN</b>	
<b>Denominación</b>	<b>Centro Impartición</b>

Paradela,  
A/o solicitante  
Asdo:”



Contra as presentes bases que pon fin a vía administrativa, pode interpoñerse, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o alcalde do Concello de Paradelas, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que considere conveniente.

En Paradelas na data da sinatura electrónica ao marxe.

O alcalde,

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

documento asinado ao marxe electrónicamente

